




**PROGRAMACIÓN DA ÁREA “INVESTIGACIÓN E
TRATAMENTO DA INFORMACIÓN”
6º DE PRIMARIA
2018**

**MATERIAL PRODUCIDO DENTRO DO PFPP: “INTEGRACIÓN DIDÁCTICA DA
LINGUAXE
DE PROGRAMACIÓN (PROXECTO ESCORNABOTS E LEGO NXT)”**



COLEXIO DE CERVO

LAMBE Bibliotecas
escolares
de Galicia

ÍNDICE:

- 1.- Introducción e contextualización
- 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave
- 3.- Concreción dos obxectivos para o curso
- 4.- Concreción para cada estándar:
 - Temporalización
 - Procedementos e instrumentos de avaliación
- 5.- Concrecións metodolóxicas
- 6.- Materiais e recursos didácticos
- 7.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado
- 8.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente
- 9.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados
- 10.- Medidas de atención á diversidade
- 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso
- 12.- Actividades extraescolares e complementarias
- 13.- Aplicacións dos plans e proxectos do centro
- 14.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O noso colexio, o CEIP de Cervo, está situado no pobo do mesmo nome, na provincia de Lugo, trátase dun concello do rural que se atopa concretamente na Mariña Lucense.

Somos un colexio pequeno, cunha matrícula de 118 alumnos, procedentes, principalmente, do propio concello e das súas aldeas circundantes, aínda que nos últimos anos tivemos altas de matrícula de alumnado de fora de Cervo.

Contamos con tres unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación Primaria. O claustro está formado por 16 mestres e mestras, sendo a maioría definitivos, o que facilita a continuidade no traballo que realizamos, e moi especialmente facilita a integración da biblioteca como eixo vertebrador da aprendizaxe.

Resaltaríamos a importancia que da o Proxecto Educativo de Centro á atención á diversidade, posto que, a pesar de ser un centro con non demasiado alumnado, máis dun 15% do mesmo presenta necesidades educativas de apoio específico de carácter permanente.

As singularidades do noso centro están moi ligadas á súa situación privilexiada, a só poucos metros do Complexo Artístico de Sargadelos que ten un papel moi relevante na vida do noso centro. As pegadas artísticas de Sargadelos pódense ver por todo o colexio: nos rótulos das aulas, os mosaicos das fachadas, os carteis e a tipografía que usamos para o noso nome, carteis, decoración e, como non podía ser doutra maneira, nas actividades que deseñamos. Con este enclave e estes antecedentes históricos tan artísticos, xerouse no profesorado, hai xa varios anos, unha inquietude por mellorar a metodoloxía e empezar a traballar por proxectos, desterrando os libros de texto e facendo especial fincapé na aprendizaxe da arte en todas as súas vertentes. Neste curso iniciamos tamén unha nova andaina que permita abrir o centro a un mundo multicultural e plurilingüe a través do proxecto Erasmus+ K129 “**CERVO ALÉN DE EUROPA: UNITED THROUGH CREATIVITY**”; seguindo integrados tamén no PLAMBE XIII, a través do cal incidiremos sobre o ensino a través das alfabetizacións múltiples entorno aos seguintes eixos fundamentais: integración da robótica e da linguaxe de programación no currículo, o coñecemento da Mariña Lucense e o acercamento a Europa a través do intercambio das diferentes manifestacións culturais da nosa contorna, intentando espallalas dentro do marco común europeo, incorporando os coñecementos aportados polos países cos que colaboramos.

CALENDARIO DE XUNTANZAS DO EQUIPO DOCENTE

Tódolos luns, en horario de 16:30 a 19:30 (suxeito a variacións)

Martes: PFPP “*Integración didáctica das linguaxes de programación no currículo*”

PFPP L1731017 “Integración didáctica das linguaxes de programación no currículo”

PFPP “*Modelaxe en 3D e curso Mindstorms*”

Esta programación está baseada no esquema indicado na resolución do 27 de xullo de 2015 (DOGA 29/07/2015) no artigo 13, e a recomendación feita dende Inspección Educativa por non existir unha resolución para Primaria. Tomando como referencia o currículo de Educación Primaria na nosa Comunidade.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O grupo está configurado por un total de 11 alumnos e alumnas. A lingua materna predominante é o galego.

O alumnado desta clase está moi cohesionado dentro do ámbito escolar e existen varios casos de discentes con NEAE de carácter permanente que están recibindo diversas medidas de atención á diversidade, tanto de carácter ordinario como extraordinario.

As relacións interpersoais son boas e raramente xorden graves discrepancias entre eles.

O clima de traballo e a actitude, en liñas xerais, é bastante boa e apropiada para o desenvolvemento do proceso de E- A. Son nenas e nenos que en ocasións teñen un ritmo de aprendizaxe algo baixo e diverso, pero que se esforzan e intentan ter unha actitude positiva ante o que se lles propón.

Son estes algúns dos aspectos sobre os que seguiremos incidindo ao longo do curso, xunto coa mellora da súa autonomía de traballo.

Os resultados globais da aula son aceptables en xeral en todas as áreas, as faltas de asistencia da maior parte do alumnado non son salientables, a relación coas familias é fluída.

PROFESORADO QUE IMPARTE DOCENCIA DA AULA

Dona Maria Luz Rodríguez Costa, titora do nivel e participante no PFPP do centro.

TEMPORALIZACIÓN

Unha sesión semanal que salvo cambios puntuais será os venres a 1ª hora.

3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA O CURSO

2.1. Obxectivos da etapa

Serán os que se recollen no *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

2.2. Obxectivos concretos para este curso, en base á PXA

- Favorecer a adquisición das diferentes competencias clave no noso alumnado.
- Potenciar a aprendizaxe a través das alfabetizacións múltiples.
- Usar métodos educativos innovadores, activos, no que o mestre exerza de mediador e que favorezan o pensamento crítico e autónomo do noso alumnado.
- Abrir o traballo do centro a Europa integrando os traballos colaborativos realizados cos países asociados do proxecto Erasmus+
- Iniciar no uso da impresora 3D como apoio á biblioteca escolar.
- Recoñecer a importancia que as novas tecnoloxías teñen na nosa vida.

4.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:

Temporalización, procedementos e instrumentos de avaliación

NIVEL		6º PRIMARIA			ÁREA		Ciencias Naturais (CN)	
Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN		
						Instrumentos de avaliación		
Bloque 1: Iniciación á actividade científica								
CN-B1.1	6º-CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analiza, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario).		
CN-B1.1	6º-CNB1.1.2 - Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario).		
CN-B1.1	6º-CNB1.1.3 - Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).			X	X	PROCEDEMENTO S: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.		
CN-B1.1	6º-CNB1.1.4 - Manexa estratexias axeitadas para acceder á información		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Observación		

	dos textos de carácter científico.					sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).
CN-B1.2	6º-CNB1.2.1 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).
CN-B1.3	6º-CNB1.3.1 - Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).
CN-B1.3	6º-CNB1.3.2 - Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.		X			PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).
CN-B1.4	6º-CNB1.4.1 - Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.
CN-B1.4	6º-CNB1.4.2 - Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos,		X			PROCEDEMENTO S: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.

	experiencias sinxelas e pequenas investigacións.					
Bloque 4: Materia e enerxía						
CN-B4.2	6º-CNB4.2.1 - Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Posta en común. Rexistro anecdótico (anecdótico).
CN-B4.4	6º-CNB4.4.5 - Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.		X			PROCEDEMENTO S: INSTRUMENTOS:
Bloque 5: A tecnoloxía: obxectos e máquinas						
CN-B5.1	6º-CNB5.1.1 - Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.			X	X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).
CN-B5.1	6º-CNB5.1.2 - Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.			X		PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).
CN-B5.1	6º-CNB5.1.3 - Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.		X			PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico

						(anecdótico).
CN-B5.2	6º-CNB5.2.1 - Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.)				X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).
CN-B5.4	6º-CNB5.4.1 - Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.
CN-B5.4	6º-CNB5.4.2 - Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.

NIVEL		6º PRIMARIA			ÁREA		Ciencias Socias (CS)
Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	
						Instrumentos de avaliación	
Bloque 1: Contidos comúns							
CS-B1.5	6º-CSB1.5.1 - Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos.			X		PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS:	

PROGRAMACIÓN ANUAL DO 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

COLEXIO DE CERVO - CURSO 2016- 2017

						Rexistro anecdótico (anecdótico).
CS-B1.9	6º-CSB1.9.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.			X	X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).
CS-B1.10	6º-CSB1.10.1 - Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).
CS-B1.10	6º-CSB1.10.2 - Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).

NIVEL		6º PRIMARIA			ÁREA		Lingua Galega (LG)	
Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN		C.C.
						Instrumentos de avaliación		
Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar								
LG-B1.4	6º-LGB1.4.2 - Sigue unha exposición da clase e extrae as ideas máis destacadas.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario).		CCL CAA
LG-B1.6	6º-LGB1.6.1 - Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.		X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.		CCL CSC CAA

PROGRAMACIÓN ANUAL DO 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA

COLEXIO DE CERVO - CURSO 2016- 2017

						INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	
LG-B1.6	6º-LGB1.6.5 - Participa activamente na conversa formulando e contestando preguntas.			X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCL CSC CCEC CAA
Bloque 2: Comunicación escrita: ler							
LG-B2.8	6º-LGB2.8.2 - Usa a biblioteca de centro con autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e na súa mellora.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCL CSC CAA
LG-B2.8	6º-LGB2.8.3 - Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con autonomía.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCL CD CAA
Bloque 3: Comunicación escrita: escribir							
LG-B3.5	6º-LGB3.5.1 - Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario.			X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCL CD CAA CSIEE
LG-B3.5	6º-LGB3.5.4 - Utiliza as TIC para realizar presentacións.			X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CD CSIEE
LG-B3.7	6º-LGB3.7.1 - Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CCL CD CAA

NIVEL	6º PRIMARIA			ÁREA		Matemáticas (MT)
Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A

		para superar a área Indicador mínimo de logro				CUALIFICACIÓN
						Instrumentos de avaliación
Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas						
MT-B1.3	6º-MTB1.3.1 - Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario).
MT-B1.4	6º-MTB1.4.1 - Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario).
Bloque 2: Números						
MT-B2.5	6º-MTB2.5.3 - Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.				X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario).
Bloque 3: Medida						
MT-B3.1	6º-MTB3.1.2 - Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario).
Bloque 4: Xeometría						
MT-B4.1	6º-MTB4.1.3 - Describe posicións e movementos por medio de		X			PROCEDEMENTO S: Observación

	coordenadas, distancias, ángulos, xiros					sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).
--	---	--	--	--	--	--

NIVEL		6º PRIMARIA			ÁREA		Educación Plástica (EP)	
Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN		
						Instrumentos de avaliación		
Bloque 1: Educación audiovisual								
EP-B1.3	6º-EPB1.3.1 - Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste,) que lle serven para a ilustración de textos.		X			PROCEDEMENTO S: INSTRUMENTOS:		
Bloque 2: Expresión artística								
EP-B2.1	6º-EPB2.1.10 - Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.			X	X	PROCEDEMENTO S: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.		
EP-B2.5	6º-EPB2.5.2 - Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.		X	X	X	PROCEDEMENTO S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario).		
EP-B2.5	6º-EPB2.5.4 - Participa con interese		X			PROCEDEMENTO		

	nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades					S: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).
--	--	--	--	--	--	---

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

ASPECTOS XERAIS

- Partirase dos coñecementos previos do alumnado buscando unha aprendizaxe significativa.
- Terase en conta a diversidade respectando os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar a metodoloxía activa:
 - Combinando o traballo individual e cooperativo
 - Favorecendo a aprendizaxe por proxectos principalmente con carácter documental e integral
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC na medida das posibilidades técnicas.
- Papel mediador do profesorado.
- A lectura como factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. Contamos cun Plan de Lectura Anual a través do cal desenvolveremos as áreas de Lingua Galega e Castelá ao carecer de libros de texto.
- A aula como contexto favorecedor das alfabetizacións múltiples.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- Deseño e desenvolvemento de propostas didácticas integradas, activas, contextualizadas.
- O traballo a través de pequenos proxectos documentais.
- Potenciación da alfabetización informacional das alfabetizacións múltiples.
- Atención individualizada ao alumnado a partir da análise de cada caso concreto.
- Aprendizaxe baseada na resolución de problemas aproveitando os recursos propios da nosa contorna.
- Búsqueda de aprendizaxes significativos.
- Potenciación da capacidade e de competencia de Aprender a Aprender.
- Favorecemento do pensamento crítico e creativo.
- Integración de prácticas de aprendizaxe colaborativa, tendo en conta, na medida do posible, as intelixencias múltiples.
- Integración do alumnado de diferentes niveis educativos para realización de tarefas colaborativas.
- Adaptación de tarefas para a integración do alumnado NEAE.
- Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación de novos contidos
- Autonomía na aprendizaxe.

SECUENCIA HABITUAL DE TRABAJO NA AULA

Secuenciaremos cada sesión a modo de guión, estruturando catro fases principais: contacto e motivación do alumnado, proposta e información por parte do mestre, desenvolvemento e por último conclusión e a avaliación.

Para o desenvolvemento de cada sesión empregaremos tanto a linguaxe oral como a audiovisual e apoiaremonos en múltiples recursos escritos e videográficos.

Fase de contacto e motivación (10 minutos aproximadamente)

- Presentación actividade, lanzando múltiples cuestións sobre o tema que nos ocupe coa finalidade de xerar no alumnado incertidume e curiosidade por saber.
- Faremos tamén unha análise dos coñecementos previos do alumnado a través de diferentes técnicas como por exemplo, choiva de ideas.

Fase de proposta e información (10 minutos aprox.)

- Información básica para todo o alumnado sobre o que se lles pide
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Fase de desenvolvemento e traballo persoal e colaborativo (30 minutos aprox.)

Segundo a sesión ofreceremos os recursos precisos para completar o traballo proposto. Deberán investigar, analizar reflexivamente a información atopada, e sintetizala apropiadamente. Para levar a cabo estas tarefas deberán ver, ler e experimentar coa información ofrecida a través de diferentes ferramentas, recompilala de cara á posta en común. Tamén se lles poderá pedir nesta fase certas tarefas de memorización comprensiva, fichas específicas de contidos, et...

Fase de conclusión e avaliación (10 minutos aprox.)

Trátase de por en común o aprendido e sacar conclusións.

AGRUPAMENTOS

O agrupamento do alumnado non ten porque limitarse a un único modelo, xa que supón limitar o potencial enriquecedor do proceso educativo. Establecer diferentes agrupamentos facilita a aprendizaxe entre iguais, a cooperación e o traballo colaborativo, a cohesión do grupo, o traballo por proxectos, a atención á diversidade, a pertenza ao centro, a mediación en conflitos

e a relación co contorno e cos servizos da comunidade. Segundo as características e necesidades do alumnado, e segundo a natureza disciplinar da actividade ou área, os tipos de agrupamentos máis empregados son:

- Aula.
- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Interniveis
- Obradoiros.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Grupos de actividade.

ESPAZOS

A distribución de espazos persegue os seguintes obxectivos:

- ☐ Incrementar as posibilidades de interacción grupal.
- ☐ Potenciar na actividade escolar un grao de autonomía suficiente.
- ☐ Permitir o aproveitamento de espazos alleos á propia aula.

Por unha banda teremos o ESPAZO físico DA AULA, aulas de 4º e 6º nivel.

Por outra o ESPAZO WEB da BIBLIOTECA: <http://www.bibliocervo.blogspot.com>

Tamén faremos uso de ESPAZOS COMÚNS como a BIBLIOTECA e calquera outra do centro segundo as necesidades que xurdan ao longo do ano.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Deben facilitar a actividade docente e contribuír ao aprendizaxe do alumnado. Elixiremos materiais de fácil utilización e que o mestre domine. Os materiais serán diversos: dende materiais concretos e familiares a outros máis sofisticados: obxectos concretos e familiares, comercializados, material impreso, material audiovisual, dixital, cabe resaltar a gran importancia das TIC e do uso da Biblioteca Escolar como recursos fundamentais para o desenvolvemento do proceso de Ensino-Aprendizaxe.

Debemos facer especial mención á integración no currículo desta materia dos Escornabots, pequenos robots que funcionan cunha linguaxe de programación sinxela, Arduíno.

Ademais utilizaremos os robots Lego NXT e a súa linguaxe de programación Mindstorms. Así mesmo tamén nos iniciaremos no manexo da impresora 3D marca BQ donada pola Asesoría de bibliotecas escolares.

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

DECISIONS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO

As decisións correspondentes á promoción do alumnado levarana a cabo todo o Equipo docente implicado no proceso de ensino-aprendizaxe do alumno e considerarase que debe permanecer un ano máis neste curso si se considera que non ten un nivel de competencia suficiente nin acadados os estándares mínimos para a súa promoción. A decisión atenderá tamén a razóns particulares que podan influir no propio alumnado e na súa estabilidade emocional ou social, segundo as directrices e valoracións do Departamento de Orientación e escoitada a familia; sempre en función da LEXISLACIÓN VIXENTE.

No caso da non promoción dun alumno elaborárase un Informe específico de reforzo de cara ao vindeiro curso académico.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Esta área avaliarase, trimestralmente, en función do nivel acadado polos alumnos/as coas seguintes cualificacións:

IN = Insuficiente **-5** (cando non acada os estándares establecidos)

SU = Suficiente **5**

BE = Ben **6**

NT = Notable **7-8**

SB = Sobresainte **9-10**

Para establecer as cualificacións terase en conta os estándares acadados e o nivel de competencia do alumno, así como aquelas variables persoais ou sociais, debidamente xustificadas, que podan inci-dir directamente nos seus resultados.

Os resultados comunicaranse á familia trimestralmente a través do boletín xerado por XADE.

Estas notas establécense atendendo aos seguintes criterios:

Ponderación dun 30% da nota para a valoración dos materiais producidos e do caderno personal (máximo de 3 puntos)

Ponderación dun 70% da nota para a os resultados obtidos da observación directa e sistemática daqueles estándares dos bloques comúns das diferentes áreas, e que se atopan relacionados directamente co traballo diario e a actitude hacia o proceso de ensino-aprendizaxe. (máximo de 7 puntos)

A avaliación final de curso corresponderase coa media aritmética das tres avaliacións anteriores.

ASPECTOS A VALORAR DENTRO DA OBSERVACION DO TRABALLO NA AULA E DA DINÁMICA DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.

Algúns dos indicadores que teremos en conta para valorar este punto serán:

- ☐ Realizou todos os traballos diariamente, dentro da clase, con calidade, esforzo e vontade. Rematou-nos dentro do prazo.
- ☐ Non se esforzou diariamente e ten varias actividades sin rematar e outras rematounas fóra do prazo establecido.
- ☐ Traballa ben en equipo. Busca, trata e analiza a información apropiadamente. Respecta as opinións dos seus compañeiros e consegue chegar a consenso.
- ☐ Non se adaptou ao traballo en equipo e non consegue chegar a consenso cos seus compañeiros nin participa activamente na busca de información, tratamento e análise da mesma.
- ☐ Ten unha actitude apropiada ante a materia e participa activamente e dun xeito reflexivo na dinámica diaria da clase.
- ☐ Ten unha actitude pouco axeitada ante a materia e na dinámica da clase, chegando a ter condutas disruptivas ocasionais. Non atende suficiente nin aporta suficiente traballo personal e interés.
- ☐ Reflexiona, extrae conclusións e automatiza aprendizaxes significativos asociándoos a vivencias cer-canas.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala		
(Indicadores de logro)			
Proceso de ensino:	1	2	3
1.- Adecuáronse os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe ás características e necesidades do alumnado?			
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?			
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?			
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?			
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?			
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?			
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?			
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?			
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?			
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?			
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?			
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?			
13.- Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?			

Práctica docente:

- 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado
- 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
- 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
- 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
- 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
- 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?
- 7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
- 8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
- 9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?
- 10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?
- 11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?
- 12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
- 13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?
- 14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?
- 15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares
- 16.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,...?
- 17.- Cal é o grao de coordinación cos mestres/as do nivel?

9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao inicio de curso, antes de rematar o mes de setembro , realizarase unha análise dos coñecementos previos do alumnado principalmente en canto á competencia matemática e lingüística

INSTRUMENTOS

DE AVALIACIÓN

- Información familiar
- Informes anteriores e reunión co titor do curso pasado
- Cuestionarios e probas obxectivas
- Escalas de estimación
- Listas de control
- Rexistro de datos

VALORACIÓN

- Realizarase un Informe de avaliación inicial específico para cada alumno que se cubrirá en Xade, do mesmo xeito realizarase unha acta da sesión da Avaliación Inicial que incluírá tamén os resultados en canto á análise do grupo-clase, os estándares avaliados e aqueles sobre os que se debe incidir máis ao longo do curso.
- No caso de cuarto de primaria, teremos tamén en conta os resultados obtidos na Reválida de 3º de Primaria.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS

Como medidas de reforzo, ao longo do curso, propóñense as seguintes:

- Programar actividades, exercicios, etc para o alumnado con dificultades de aprendizaxe sobre todo nos primeiros meses de clase. Desta maneira intentarase que progresivamente comprendan os principios esenciais para poder afondar posteriormente naqueles temas máis abstractos ou complexos.
- Proporcionarlles axuda directa naquelas actividades que se realicen na aula, coa finalidade de ir orientando de maneira personalizada o seu proceso de aprendizaxe.
- Incluír dentro do seu plan de traballo actividades sinxelas e adicionais que lle permitan cubrir as lagoas conceptuais que posúan.
- Nos traballos en grupo organizar de tal maneira que este alumnado se atope distribuído en diferentes grupos, co fin de que os compañeiros con mellor rendemento académico poidan axudarlles na realización da tarefa (Titorización)
- Se existise alumnado de altas capacidades ou cun maior nivel de coñecementos programáranse medidas pedagóxicas complementarias para que o mencionado alumnado puidese desenvolver as súas propias potencialidades de aprendizaxe (sempre que non teñan ACS). Así por exemplo faríanse:
 - Lecturas dirixidas de libros ou textos de maior dificultade conceptual.
 - Actividades complementarias sobre aqueles temas que máis lles interesasen.
 - Tarefas pedagóxicas destinadas a axudar aos compañeiros con maior dificultade.

Neste curso académico 2017-2018 en SEXTO CURSO:

A nivel grupal deberemos facer fincapé nos seguintes aspectos:

- Potenciar a autonomía, seguridade e confianza en sí mesmo, así como a autoestima nalgún caso.

- Resolución dialogada dos conflitos, aprender a controlar os impulsos e tratar de mellorar as relacións entre cursos.
- Traballar estratexias de cálculo mental, automatización das operacións básicas...
- Potenciar a creatividade na expresión escrita.

Medidas ordinarias

Organizativas	Curriculares
Adecuouse a estrutura organizativa da aula para dous alumnos con NEE, fanse agrupamentos diferenciados para facilitar a súa inclusión. Os horarios e os tempos están diferenciados, adaptados ás súas necesidades e ritmo de aprendizaxe. Contan tamén, cun espazo diferenciado, máis amplo, para poder ter ordenado o material e os recursos didácticos empregados con ela. Realízanse reforzos educativos na aula por parte doutros mestres titores e especialistas.	Faise adaptación metodolóxica para estes alumnos con NEE, adaptando materiais diversos de uso cotiá, facendo que o ensino sexa o máis manipulativo posible. Adáptanse os tempos de avaliación para o alumnado de ritmo máis lento. Si é necesario, realizaranse programas específicos de reforzo para aqueles alumnos que o podan precisar ao longo do curso, en consonancia coas directrices do Departamento de Orientación.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS NA AULA

Organizativas	Curriculares
En 6º curso hai 4 nenos/as con neae que reciben sesións de apoio fóra da aula polo profesorado especialista en PT e AL.	Revisáronse varias adaptacións curriculares nas diferentes áreas para o alumnado con neae de carácter permanente e cun desfase curricular superior a dous cursos académicos, en base á Orde do 6 de outubro de 1995. A coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. faise periódicamente no horario de permanencia no centro, segundo o calendario de reunión que fixa a Xefatura de estudos. Ademais mantense unha información constante da evolución da aprendizaxe do alumnado levando un rexistro nun caderno de clase onde se recolle o que se traballa en cada sesión e as dificultades atopadas para reconducir o programado. Existe coordinación para elaborar material.

De detectarse máis neae graves ou incorporarse ao longo do curso alumnado desta tipoloxía tomaranse as medidas que a lei establece para dar resposta á Atención á Diversidade, a través do Departamento de Orientación do centro.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

- Nesta área incidiremos sobre o traballo integrado de diferentes elementos transversais como “ A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico noutras das materias do nivel.

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Realizaranse todas aquelas actividades complementarias e saídas que se atopan recollidas na **programación xeral anual** e **no plan anual de bibliotecas escolares**, así como as que propoña o equipo de Normalización Lingüística e que están previstas para este curso académico. Tamén se recollen na acta do Equipo Docente de organización do curso escolar.

Ademáis poderase participar noutras que xurdan con carácter imprevisto si se atopan de acordo aos contidos e obxectivos plantexados en cada momento, e que proveñan de organismos públicos, da ANPA, editoriais...

13.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

Tipoloxía de Actividades

Adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe e relacionadas unhas coas outras, na medida do posible:

Actividades de presentación do tema, próximas á experiencia do alumnado, motivadoras e significativas. Servirán como avaliación inicial.

Actividades de desenrolo, para traballar os contidos e as competencias, e así acadar os estándares esixidos. Servirán como instrumentos para analizar a situación, a busca de datos, comparación, cálculos, etc. Para que así cheguen ao razoamento, ata a abstracción e a xeneralización do concepto.

Sempre que se poida, o traballo realizarase mediante a manipulación de obxectos e a realización de experiencias, representacións gráficas, verbalizacións ata chegar a representación simbólica.

Actividades de reforzo e ampliación. Deberán ser múltiples ata que non teñan dificultade en realizalas.

A información ofreceráselles en múltiples soportes, encamizados á potenciación das alfabetizacións múltiples.

Papel do mestre

O papel do profesor/a será o de:

Mestre como guía, e mediador, que deixe ao alumnado reflexionar, discutir e verbalizar o que vai descubrindo.

Debe impulsar a relación entre iguais dando pautas para que haxa uniformidade de criterios, diálogo, cooperación e respecto mutuo.

Realización de Proxectos

Dentro das diferentes áreas potenciarase a implementación de pequenos proxectos documentais, con carácter integrado, coa finalidade de favorecer a alfabetización informacional do noso alumnado.

Daráselle especial importancia ao traballo ao redor de temáticas que promova ou plantexe a biblioteca escolar e a súa programación anual, por estar dentro do PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS, segundo se recolle na PXA.

Este ano realizaremos traballos documentais sobre Europa como por exemplo: a Unión Europea e o seu patrimonio cultural e artístico.

Tamén incidiremos sobre o tema da robótica e da linguaxe de programación integrada no proceso de Ensino-Aprendizaxe, dentro do proxecto interdisciplinar **“Cervo alén de Europa: United Throught Creativity”**, que concretaremos nas diferentes áreas ao longo do curso. E que está directamente relacionado con un proxecto Erasmus + K219 que se está a desenvolver.

Participaremos activamente en calquera outro proxecto que se desenvolva no noso centro, segundo as directrices marcadas para este ano dentro da Programación Xeral Anual e atendendo ao establecido no noso Proxecto Educativo de Centro.

Resaltar a grande vinculación desta programación de ITI co PLAMBE e tamén co “Proxecto Escornabots”, dos que formamos parte xunto con outros 39 centros de Galicia. No noso caso estamos na fase de continuidade, posto que comezamos a traballar con el no curso 2016/2017.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Os membros do Equipo Docente deste curso trataremos de variar a nosa práctica cando os resultados obtidos non sexan satisfactorios. Trataremos de formarnos e abrírnos a novas correntes innovadoras.

Nas reunión do equipo docente, unha vez ao mes, así como nas da CCP debateremos sobre a nosa práctica docente e modificaremos a nosa forma de ensinar, con flexibilidade, dependendo das características do noso alumnado.

Se existisen algunhas propostas que modificasen as programacións, recolleríamolas con detalle na memoria final antes de rematar o curso 2017-2018 para logo telas na programación do ano seguinte.

Isto significa que ante a natural diversidade do alumnado, esta programación ten un carácter aberto, flexible e dinámico adaptable a calquera posible modificación.

Polo tanto, faremos un seguimento da programación deste nivel nas xuntanzas periódicas do equipo docente, unha vez ao mes, e na comisión de coordinación pedagóxica, unha vez ao trimestre.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala		
(Indicadores de logro)	1	2	3
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?			
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?			
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?			
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?			
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?			
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas			
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?			
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?			
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?			
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?			
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o nivel?			
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?			
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?			
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?			
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?			
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?			
17.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.			
18.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación			
19.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?			
20.- Definíronse plans específicos de reforzo ou recuperación e apoio para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso?			
21.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?			
22.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?			
23.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?			
24.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 12º, 6 do D.105/14)			
25.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso			
26.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?			
27.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?			

Observacións:

Para establecer unha avaliación plena de todo o proceso avaliaranse os seguintes indicadores:

- **Adecuación dos obxectivos, contidos e estándares coas necesidades reais.**
- **Adecuación dos medios e a metodoloxía coas necesidades reais.**
- **Desenvolvemento da programación na aula, quincenalmente, por parte do titor.**